

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ARBO E A SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS RELACIONADAS CO MEDIO AMBIENTE NA CONTORNA DO CONCELLO ONDE SE INSTALARÁ UNHA PRANTA DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS PARA O SERVIZO DE VARIOS CONCELLOS**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.

DECLARA:

Que esta Sociedade ten previsto formalizar co Concello de Arbo o instrumento convencional arriba referido, que terá unha duración dun ano, dende a acta de inicio das obras.

**Antecedentes**

Que a Sociedade Galega do Medio Ambiente, empresa pública adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, que ten encomendada a xestión institucional dos residuos urbanos dos Concellos de Galicia.

Que o Sogama ten instalada no concello de A Cañiza unha microplanta de transferencia de residuos urbanos que da servizo a varios concellos entre os que se atopa o de Arbo. Non obstante, as microplantas, polo seu deseño, non teñen moita capacidade, o que unido a posibles avarias ou atascos, produce algunhas indisponibilidades.

Conscientes disto e coa firme decisión de prestar o mellor servizo posible, Sogama adquiriu os terreos axeitados para a implantación no concello de Arbo dunha planta de transferencia nova, coas capacidades e funcionalidades necesarias para atender aos concellos usuarios dun xeito mais eficaz contribuíndo deste xeito a unha maior calidade na prestación do servizo público que presta Sogama.

Sogama tamén é consciente das dificultades que teñe a instalación inicial deste tipo de infraestructuras, polo rechazo social inxustificado as mesmas, polo que valora especialmente a colaboración dos concellos que as acollen, polo que Sogama estima necesario colaborar con ditos concellos na financiación de proxectos de utilidade pública de marcado carácter medioambiental, que melloren a calidade de vida dos veciños que reciben no seu concello as instalacións de xestión de residuos.

### **Finalidade e Obxecto do Convenio**

O obxecto deste convenio é regula-la colaboración entre o concello de Arbo e SOGAMA para a execución e financiamento das obras de execución para o acondicionamento e mellora de vías municipais que terán incidencia directa na mellora do medio ambiente e calidade de vida dos veciños

### **Fundamentación do instrumento convencional:**

A sinatura do convenio fundaméntase na necesidade compartida de que se siga colaborando na prestación no concello de servizos públicos como o de transferencia e transporte de residuos así como a mellora das medioambiental derivada das actuacións a realizar polo concello coa colaboración de Sogama.

O convenio de colaboración supón obrigas económicas para SOGAMA, cunha achega económica máxima de 150.000 euros, con cargo aos seus orzamentos, para o financiamento das obras Rede de saneamento en Ponte Cabaleiros (ctra. Autonómica PO 400 ente o P.K. 16+810 e o P.K. 17+315)”, segundo proxecto técnico que se referencia no texto do convenio de colaboración.

Ao non superarse a contía establecida na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia e bo Goberno, e non ter unha duración plurianual, non é precisa a autorización previa do Consello da Xunta

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de

aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao tratarse dun convenio de colaboración de conformidade co establecido no artigo 6º de dita norma, sen prexuízo de que, de acordo co previsto no seu artigo 4º, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Javier Domínguez Lino  
Presidente